



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1037/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE XUÑO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 17 de xuño de 2021.

ALCALDÍA

- 2.- Expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101.
- 3.- Modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno local nos concelleiros-delegados de Área e nos demais delegados de competencias: Área de Fomento e Servizos. Expte. 601/1102.

ASESORÍA XURÍDICA

- 4.- Dar conta da relación de sentenzas e outras resolucións xudiciais que resollen procedementos. Expte. 13696/111.

CONTRATACIÓN

- 5.- Adxudicación da contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable. Expte. 48997/446.
- 6.- Adxudicación da contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. Expte. 10182/307.
- 7.- Adxudicación da contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur"(lote 3). Expte. 666/441.
- 8.- Adxudicación da contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba". Expte. 644/441.
- 9.- Modificación do contrato de servizos para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI). Expte. 6626/241.

- 10.- Modificación do contrato dos lotes 2 e 3 do contrato dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019. Expte. 6627/241.
- 11.- Modificación dos lotes 4,5 e 6 do contrato dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019. Expte. 6625/241.
- 12.- Dar conta da resolución do TACGAL sobre o recurso especial contra a adxudicación do lote 3 da contratación para a adquisición de diverso material necesario para reducir o risco de contaxio de COVID-19 por exposición a coronavirus SARS-CoV-2 do persoal municipal. Expte. 6527/241.
- 13.- Retroacción de actuacións do procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo. Expte. 6359/213.

DEPORTES

- 14.- Expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, da contratación do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia. Expte. 4145/611.
- 15.- Expediente de contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) en instalacións deportivas municipais dependentes do Concello de Vigo. Expte. 3748/611.

EDUCACIÓN

- 16.- Expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2021-2022". Expte. 25031/332.

EMPREGO

- 17.- Expediente de contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de vehículos sen condutor para o desprazamento das persoas traballadoras seleccionadas dentro do programa de inserción laboral Vigo Emprega. Expte. 17935/77.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 18.- Proxecto de convenio coa Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para axudar ao financiamento dos gastos de mantemento e



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1037/1102

aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade. Expte. 10068/320.

PATRIMONIO

- 19.- Doazón da biblioteca persoal de Darío Álvarez Basso ao Concello de Vigo (Escola de Artes e Oficios). Expte. 1045/613.

RECURSOS HUMANOS

- 20.- Nomeamento interino de dous subalternos/as con cargo a praza vacante para o Servizo de Conserxería. Expte. 37747/220.

POLICÍA LOCAL

- 21.- Expediente de contratación para o servizo de recollida, transporte e análise en laboratorios homologados, de ata 800 mostras de fluído salival, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, substancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou análogas. Expte. 73346/212.

SERVIZOS XERAIS

- 22.- Expediente de contratación, por procedemento aberto, das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do Paseo do fronte marítimo da Vila de Bouzas". Expte. 875/441.
- 23.- Expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "Mellora das instalación do túnel de Beiramar". Expte. 904/441.
- 24.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **24 de XUÑO de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez